

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 23 DE XUÑO DE 2023

Ás 9:00 horas do día 23 de xuño de 2023, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 20 de xuño de 2023, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Beatriz Barbará Rodríguez

Vocais: D^a. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral

Secretaria: D^a. María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Rehabilitación e acondicionamento do Pazo da Raposeira” no marco do PRTR financiado con fondos europeos NEXT-GENERATION-EU (11183-307)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A “*Documentación persoal*”, tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. CIVIS GLOBAL, S.L.U.
 2. CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.
 3. CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.
 4. DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.
 5. ORECO BALGON, S.A.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:17	Páxina 1 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA144-C3DF38-365DDC-5KXUZ9-MJK93H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

6. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
7. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.

- b) Outorgar un prazo de tres días a PROSEMA NOROESTE, S.L. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. En concreto, deberá aportar un novo Anexo II no que figure o compromiso de cumprir o código ético e o plan antifraude do Concello de Vigo, tal e como figura no modelo incluído no PCAP do presente procedemento

b) Procedemento aberto para a contratación dun servizo de planificador de viaxes multimodal para o transporte sostible en autobús, bicicleta e peonil na app Vigo e na web municipal (10061-113)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desenscriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:

1. CONSULTORIA TECNICA NEXUS GEOGRAFICS, S.L.: en concreto deberá presentar un novo Anexo II debidamente cumprimentado, posto que no xa presentado non se cubriu o compromiso de adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F das FEC deste procedemento (Anexo I do PCAP).
2. GEOMATICO S COOP GALEGA: en concreto deberá presentar un novo Anexo II debidamente cumprimentado posto que no xa presentado non se cubriu o compromiso de adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F das FEC deste procedemento (Anexo I do PCAP) e tampouco se cubriu o punto referente a pertenza ou non a un grupo de empresas.
3. SMART WORLD TELECOM, S.L.: en concreto deberá presentar un novo DEUC do terceiro que aporta a solvencia técnica, ESTUDIO KINTEK, S.L., asinado dixitalmente polo seu representante, no que, na Parte IV "Criterios de selección", apartado C, complete a solvencia técnica aportada pola entidade xa que a proporcionada non cumpre co establecido na cláusula 8 do PCAP que indica que "Considerarase acreditada a solvencia se *nalgún dos últimos tres anos* acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior ao 70% da anualidade media do prezo do contrato, excepto no caso de que a duración do contrato sexa inferior a un ano, suposto no que se terá en conta o 70% do prezo do contrato." Ou, no seu lugar, pode indicar se cumpren todos os criterios de selección no apartado a) "*Indicación global relativa a todos os criterios de selección*".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:17	Páxina 2 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA144-C3DF38-365DDC-5KXUZ9-MJK93H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



c) Procedemento aberto para a contratación dun servizo para a xeración e incorporación de novos contidos interactivos de difusión turística e patrimonial da cidade na app móbil Vigo (10084-113)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento a VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L., por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- b) Outorgar un prazo de tres días a NOSO PLANS E PROXECTOS para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. En concreto, deberá presentar un novo DEUC do terceiro GEOMATICA Y TOPOGRAFÍA PONTEVEDRA, S.L. para que emende o apartado C "Información sobre el recurso a la capacidad de otras entidades", en concreto a pregunta "¿Se basa el operador económico en la capacidad de otras entidades para satisfacer los criterios de selección contemplados en la parte IV y los criterios y normas (en su caso) contemplados en la parte V, más abajo?", xa que un terceiro que aporta solvencia ao licitador non pode basear a súa capacidade nun terceiro.

d) Procedemento aberto para a contratación do servizo de rutas marítimas guiadas gratuítas pola ría de Vigo (25002-301)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade admitir neste procedemento a OCEAN SECRET S. COOP. GALEGA por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

e) Procedemento aberto mixto para a contratación dos elementos necesarios que permitan a xeración de actas audiovisuais e a súa incorporación ao libro de actas de pleno do Concello de Vigo (19054-101) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 16 de xuño de 2023, o 19



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:17	Páxina 3 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA144-C3DF38-365DDC-5KXUZ9-MJK93H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de xuño de 2023, concedeuse un prazo de tres días a AMBISER INNOVACIONES, S.L. para que poidera emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. En concreto debía aclarar se concurría á licitación con solvencia dun terceiro dado que no DEUC respondera afirmativamente á pregunta “¿Se basa el operador económico en la capacidad de otras entidades para satisfacer los criterios de selección contemplados en la parte IV y los criterios y normas (en su caso) contemplados en la parte V, más abajo?” e no entanto non achegaba nin o Anexo III nin o DEUC cumprimentados e asinados polo terceiro.

A licitadora presentou a documentación requirida en prazo e logo da cualificación da mesma, a Mesa acorda, por unanimidade admitir neste procedemento a AMBISER INNOVACIONES, S.L. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

3- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Rehabilitación e acondicionamento do Pazo da Raposeira” no marco do PRTR financiado con fondos europeos NEXT-GENERATION-EU (11183-307)

Retírase da orde do día pola necesidade iniciar o corresponde proceso na ferramenta de data mining MINERVA ao ser un procedemento cofinanciado polo PRTR.

b) Procedemento aberto para a contratación dun servizo de planificador de viaxes multimodal para o transporte sostible en autobús, bicicleta e peonil na app Vigo e na web municipal (10061-113)

Retírase da orde do día pola necesidade de pedir emenda da documentación achegada polos tres licitadores presentados.

c) Procedemento aberto para a contratación dun servizo para a xeración e incorporación de novos contidos interactivos de difusión turística e patrimonial da cidade na app móbil Vigo (10084-113)

Retírase da orde do día pola necesidade de pedir emenda da documentación achegada por un dos licitadores presentados.

d) Procedemento aberto para a contratación do servizo de rutas marítimas guiadas gratuítas pola ría de Vigo (250002-301)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Procédese á desenscriptación dos documentos que compoñen o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” do licitador admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:17	Páxina 4 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA144-C3DF38-365DDC-5KXUZ9-MJK93H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



e) Procedemento aberto mixto para a contratación dos elementos necesarios que permitan a xeración de actas audiovisuais e a súa incorporación ao libro de actas de pleno do Concello de Vigo (19054-101)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de formación e dinamización da lingua e cultura galegas (3120-334)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, comunica que, en cumprimento do acordado na sesión do 16 de xuño de 2023, se concedeu un prazo de 3 días ao licitador clasificado en primeiro lugar, NORFORMACIÓN S.L., para que puidesen emendar a documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP.

Durante o prazo concedido o devandito licitador presentou, o 20 de xuño de 2023 a documentación requirida.

Á vista do anterior a Mesa formula ao órgano de contratación a seguinte proposta:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de formación e dinamización da lingua e cultura galegas (3120-334)

ANTECEDENTES



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:17	Páxina 5 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA144-C3DF38-365DDC-5KXUZ9-MJK93H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Primeiro.- Con data do 29 de decembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

Primeiro.- *Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria para a contratación do servizo de formación e dinamización en lingua e cultura galegas.*

Segundo.- *Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares asinado pola técnica de Normalización Lingüística e pola concelleira delegada con data do 10 de novembro de 2022.*

Terceiro.- *Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá o contrato redactado pola técnica de Administración Xeral e pola xefa do Servizo de Contratación con data do 29 de novembro de 2022.*

Cuarto.- *Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de 38.386,04 € ; cun importe correspondente ao 21 % de IVE de 6.662,03 €. O valor estimado do contrato de 47.586,00 €.*

Quinto.- *Por ter o financiamento carácter plurianual, establécese a correspondente condición suspensiva de existencia de crédito nos exercicios correspondentes; será cargado á aplicación orzamentaria 3341.227.99.06 (Cursos, xornadas, seminarios) segundo a seguinte distribución de anualidades:*

Sen prórroga:

Partida orzamentaria	2023	2024
3341.2260600 (Cursos, xornadas, seminarios)	19.193,02 €	19.193,02 €

Con prórroga:

Partida orzamentaria	2023	2024	2025
3341.2260600 (Cursos, xornadas, seminarios)	19.193,02 €	19.193,02 €	19.193,02 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Sexto- *Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."*

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 24 de maio de 2023 adoptou a seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:17	Páxina 6 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA144-C3DF38-365DDC-5KXUZ9-MJK93H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no lote 3 do procedemento aberto para a contratación do servizo de formación e dinamización da lingua e cultura galegas (3.120-334) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	NORFORMACIÓN S.L.	92 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NORFORMACIÓN S.L. (B-36.343.218), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, NORFORMACIÓN S.L., o día 26 de maio de 2023, que presenta a documentación requirida o 8 de xuño de 2023, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación na sesión do 16 de xuño de 2023 acordou conceder un prazo de 3 días ao devandito licitador para que puidesen emendar a documentación presentada e, este, durante o prazo concedido a documentación en data 20 de xuño de 2023.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 23 de xuño de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar NORFORMACIÓN S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:17	Páxina 7 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA144-C3DF38-365DDC-5KXUZ9-MJK93H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NORFORMACIÓN S.L., de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor do 19 de maio de 2023 e do acordo da Mesa de Contratación do 24 de maio de 2023 polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación na súa proposición avaliable a través de fórmula ao abeiro da cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a NORFORMACIÓN S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de formación e dinamización da lingua e cultura galegas (3120-334) (lote 3) coas seguintes condicións:

- a) Propón unha porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos unitarios do lote 3 do 5,1 %.*
- b) Comprométese a deseñar, realizar e valorar enquisas, ou outro medio de estudo avaliativo, que permitan avaliar o nivel de satisfacción das actividades ofertadas conforme ao previsto no apartado 7B desta FEC.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:17	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA144-C3DF38-365DDC-5KXUZ9-MJK93H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		